

LA EDAD MEDIA

Alejo Muguillansky, Luciana Acuña, 2022


956

ESTREA EN NUMAX: 01.07.2022 | V.O. | 90 min.

Unha comedia durante o encerro? Probablemente.
Un retrato dunha cativa e a súa familia durante o parto? Aparentemente si. Un disparo musical absurdo e beckettiano durante o encerro? Exactamente, si.

«Un filme moi agradecido para o espectador cun ton de comedia propio de El Pampero que se aproxima ao slapstick pola plasticidade corporal de Luciana Acuña»

Miguel Martín Maestro, EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO



Nota dos directores

Dúas cousas deben dicirse sobre *La edad media*. A primeira: é un filme filmado durante a corentena da pandemia. A segunda: non é un filme sobre a corentena da pandemia. Este paradoxo atravesa todo o filme e xera as preguntas que o filme se fai ao longo do seu percorrido. Ao igual que varios dos nosos filmes anteriores, o proceso de filmación e escrita parte dunha instancia documental cara á pura ficción. Pero neste caso esa primeira materia ao borde do real ten na súa xestación unha pegada que inequivocamente deixou o confinamento: a totalidade do seu equipo técnico e elenco redúcese a tres persoas que vonviven na casa que acolle o relato. Iso non quere dicir que o rexistro de imaxes e sons sexa *amateur* nin moito menos. En todo caso quere dicir que a extrema intimidade e proximidade son as bases sobre as cales se proxectan esas imaxes e sons cara a zonas lindantes coa abstracción, co estoupido físico, coa imaxinación desatada, coa linguaxe musical ou a ambición poética e literaria. En síntese: cun tipo de ficción que sen negar a súa procedencia histórica coñece a súa liñaxe na imaxinación como unha das formas do cinema.

Durante os meses de filmación na corentena había preguntas que apareceron unha e outra vez: Onde está o cinema? Que é o cinema? Como facer un filme que dea conta deste capítulo tan participar da Historia e ao mesmo tempo non o falsifique en lugares comúns? Como facer, desde o seo dun fogar confinado nunha grande cidade, un filme que non tematice ese problema volvéndoo redundante? quen quere ver un filme sobre a pandemia? E ao mesmo tempo, quen pode ver un filme do presente que mira para o costado como se aquí non tivese pasado nada? E aínda máis, como volver facer o mesmo que facíamos antes da pandemia? Un cinema contemporáneo debera ser un cinema que non vaia a favor do presente senón que poida percorrer a contrapelo ese presente nunha dirección oblicua e impredecible. Un cinema feito por pantasmas, por espectros, por mortos que regresan e que nesta ocasión tratan de facer o que mellor lles sae: a comedia.

Estes son os abismos que merodean persistentemente *La edad media*. Son abismos que abren, ao tempo, esperanzas luminosas. Se o cinema da postguerra enxendrou, entre outras cousas, o Neorrealismo, non debera un proceso histórico tan contundente como este enxendrar unha nova linguaxe? Animámonos a dicir que *La edad media* arrisca unha forma posible. Unha forma que cre na vontade de crear imaxes indescifrables, inconcibibles e hipnóticas que nos devolven a unha patria incerta de aventuras cromáticas e traxedias do espazo. Unha patria cinematográfica con personaxes con psicoloxías estaladas, con caídas e agonías de corpos, con bicos como formas de luz, con afundimentos de todas as formas posibles do eu. Un cinema que se arrisque a tentar retratar o mundo, a creación, a infancia, o mercado, a nós mesmos nesa imaxe dobre e paradoxal: na fragilidade do seu aplomo documental e na contundencia do seu engaño, da súa invención e proxección cara á forma máis cabal da ficción.

Por outra banda, *La edad media* non é outra cousa que un relato narrado por unha nena de dez anos que xunto a súa cadela e un misterioso personaxe detrás dun casco chamado Moto len Á espera de Godot ao mesmo tempo que venden todos os obxectos do fogar até deixalo deserto, de costas a seus pais. Como reza o texto de Beckett que atravesa o filme: *Hora de parar. Time she stopped.*